

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 4 DE XULLO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Mantemento Electromecánico.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Mecatrónica Industrial.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba o Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia (TRANSGAL).

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba o Programa de prevención de residuos industriais de Galicia 2013-2016.

CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 25%, sen necesidade de constitución de garantías a favor da Xunta de Galicia, do importe das subvencións correspondentes á resolución pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para investimentos innovadores para o crecemento empresarial no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (Programa i2C INN), e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación polo Servizo Galego de Saúde, da reserva e ocupación de prazas nas unidades de apoio comunitario para enfermos con trastorno mental persistente, polo procedemento aberto e trámite urgente, por un importe total de vinte e un millóns dezanove mil oito euros (21.019.008,00 euros), e un valor estimado de cincuenta e dous millóns cincocentos corenta e sete mil cincocentos vinte euros (52.547.520,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre a proposta presentada polo Goberno central da reforma das administracións públicas.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre a actualización da Orde de prezos medios de mercados correspondentes ao ano 2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a inscrición no concurso-oposición de FEAS e médico de urxencias.
- Informe sobre a Estratexia Sergas 2014: implantación da Norma UNE 179003 de xestión de riscos para a seguridade do paciente.

CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTA OS CICLOS FORMATIVOS DE MANTENIMENTO ELECTROMECAÁNICO E DE MECATRÓNICA INDUSTRIAL ÁS NECESIDADES DO SECTOR EN GALICIA

- ***Coa modernización deste dous currículos da familia profesional de Instalación e Mantemento a Consellería ten xa adaptadas 71 titulacións na lexislatura pasada e no que vai desta***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria someteu hoxe á aprobación do Consello da Xunta de Galicia os novos currículos dos ciclos formativos de grao medio en Mantemento Electromecánico e de grao superior en Mecatrónica Industrial, dous títulos da familia profesional de Instalación e Mantemento, que quedan así adaptados ás necesidades do sector en Galicia e mais ás esixencias da Lei das cualificacións profesionais. Con estes 2 currículos hoxe aprobados son xa 71 os modernizados pola Consellería ao longo da pasada lexislatura e no que vai desta, co fin de ofrecer ao alumnado da FP galega unha formación moderna e de calidade, coa que poidan contribuír ao avance do tecido produtivo galego; unha aposta pola empregabilidade e pola evolución da nosa economía.

No que atinxe ao ciclo de grao medio correspondente ao título de técnico en Mantemento Electromecánico, quen o curse adquirirá as competencias para montar e manter maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas de produción de acordo cos regulamentos e as normas establecidas, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais e respecto ambiental. Deste xeito, poderá desenvolver a súa actividade en empresas dedicadas á montaxe e o mantemento ou a instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas; en ocupacións como a de mecánico de mantemento, instalador electricista industrial, electricista de mantemento e reparación de equipamentos de control, medida e precisión, ou como a de montador, tanto industrial como de liña automatizada, de bens de equipamento, de automatismos pneumáticos e hidráulicos, e de equipamento eléctricos e electrónicos.

No caso do de Mecatrónica Industrial, as persoas tituladas neste ciclo estarán cualificadas para configurar e optimizar sistemas mecatrónicos industriais, así como planificar, supervisar e executar a súa montaxe e o seu mantemento, seguindo os protocolos de calidade, de seguridade e de prevención de riscos laborais, e de respecto ambiental. Así, poderán desenvolver o seu labor profesional en empresas dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, á xestión e supervisión da montaxe e do mantemento de sistemas mecatrónicos ou instalacións de maquinaria, equipamento industrial e liñas automatizadas, por conta propia ou allea. Nelas poderán ocupar postos de técnico en planificación e programación de procesos de mantemento de instalacións de maquinaria e equipamento industrial, xefe de equipo de montadores de instalacións de maquinaria e equipamento industrial.

Cómpre salientar que a substitución paulatina das aplicacións pneumáticas e hidráulicas por actuadores eléctricos, así como o impulso das comunicacións industriais e a incorporación de sistemas SCADA, e monitorización do consumo enerxético nas instalacións constitúen importantes oportunidades laborais para os titulados de ambos os dous ciclos; da mesma forma que o é a evolución tecnolóxica e a incorporación de sistemas de control de calidade avanzados nas instalacións.

Tras o visto e prace a estes currículos dentro desta familia profesional de Instalación e Mantemento só faltaría por modernizar o do ciclo medio en Prevención de Riscos Profesionais.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOVO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE EMERXENCIAS POR ACCIDENTES NO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR ESTRADA E FERROCARRIL

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o novo Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia (TRANSGAL), que substitúe ao Plan aprobado en 2010. Este novo plan foi aprobado na Comisión Galega de Protección Civil o pasado 6 de maio de 2013.

O anterior Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia, plan TRANSGAL, foi publicado no ano 2000, e trece anos despois de aplicación do Plan especial, producíronse importantes cambios relacionados coa xestión deste risco, debido principalmente ao incremento no número de vías de alta capacidade na nosa comunidade, a entrada en vigor da Lei do sector ferroviario, a creación da Axencia Galega de Emerxencias, así como a implantación de novas tecnoloxías de xestión de emerxencias desenvolvidas por ela.

O Plan TRANSGAL é un plan director da planificación territorial que establece as funcións básicas e o contido mínimo dos plans de actuación municipal, así como o marco organizativo xeral que posibilita a plena integración destes no plan especial.

O TRANSGAL ten por obxecto establecer a organización e os procedementos de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade lle corresponda á Xunta de Galicia e os que poidan ser asignados ao plan por outras administracións públicas e entidades públicas ou privadas, coa finalidade de lles facer fronte ás emerxencias que poidan darse en caso de accidente no transporte terrestre de mercadorías perigosas.

As novidades máis salientables do plan que hoxe se aprobou son a actualización da análise de riscos, a través dos inventarios de rutas e substancias que transitan pola comunidade autónoma, integrando os datos das substancias da clase 7 (radioactivas) que estaban excluídas do plan vixente ata o momento; análise dos accidentes ocorridos nos últimos anos, para determinar as estradas e vías con maior sinistralidade; a simplificación dos grupos operativos actuantes, para mellorar a eficacia e operatividade do plan; e a integración da Axencia Galega de Emerxencias e dos medios e recursos propios.

A XUNTA ACHEGA 2,3 MILLÓNS DE EUROS AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE

- ***Cumpre co compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas***

O apoio económico da Xunta de Galicia ao Concello de Santiago de Compostela para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma galega ascende a 2.297.550 euros para o ano 2013. O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda, e o devandito concello para financiar o Estatuto de capitalidade de Santiago de Compostela.

A Administración galega cumpre así co seu compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da condición de capitalidade de Galicia e sede das institucións autonómicas que ten atribuídas a cidade.

Neste marco, deberá realizarse unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago de Compostela, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido no marco da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, e de que estes foron destinados ao financiamento dos gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e

gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade e por ser a sede das institucións galegas.

O NOVO PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE RESIDUOS INDUSTRIAIS PERMITIRÁ UNHA XESTIÓN MÁIS SUSTENTABLE AO PRIMAR A PREVENCIÓN E VALORIZACIÓN DESTE MATERIAL

- *O Consello da Xunta aproba este programa, co que se prevé reducir a produción media anual de 2 millóns de toneladas de refugallos*
- *As liñas prioritarias de actuación para a redución serán naqueles sectores que producen máis residuos e, transversalmente, abordaranse os residuos de orixe heteroxénea con maiores dificultades de xestión*
- *Os residuos perigosos de maior xeración en Galicia son os aceites usados, que representan un 32% respecto da xeración total de residuos perigosos*
- *No caso dos non perigosos, destacan os residuos procedentes de mestura da construción e da demolición, seguidos dos residuos de corte e da serradura de pedra e das limaduras e labras de metais férricos*
- *Por sectores, destaca o da construción e demolición con case o 30% sobre o total xerado, seguido das cinzas e escouras xeradas na industria da enerxía eléctrica*
- *Para establecer os retos era necesario obter unha radiografía do sector, xa que desde a revisión en 1999 do Plan galego de xestión de residuos industriais e solos contaminados non se fixera unha diagnose por sectores e categorías de residuos*
- *Cómpre lembrar que a Xunta leva concedidos desde o ano 2010 máis de 2 millóns de euros ás empresas para a correcta xestión dos seus residuos*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o Programa de prevención de residuos industriais que marcará a nova política de xestión deste material na Comunidade, baseado nun proceso máis sustentable e acorde coa xerarquía de residuos marcada pola actual normativa, facendo especial fincapé na prevención e a valorización dos residuos.

Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas sinalan que a prevención é o primeiro paso na xerarquía de xestión e debe ocupar un lugar principal no tratamento deste tipo de residuos. Neste senso, hai que trasladar a idea de que para as industrias a redución tamén supón un beneficio económico, sobre todo grazas ao aforro de materias primas e enerxía e á redución do custo de xestión dos seus residuos.

Tal e como xa se avanzara, con este programa a Xunta prevé minimizará cuantitativamente o volume e cualitativamente a perigosidade dos residuos xerados en Galicia, que se sitúa nunha media anual de dous millóns de toneladas. En 2011, último ano do que se teñen datos completos, o volume rexistrado situouse nas 2.004.662 toneladas, o que se traduce nunha redución dun 13% respecto dos índices rexistrados en 2010. Desá cantidade, tan só o 5% corresponde a residuos perigosos.

No Programa deseñado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental establécense os seguintes obxectivos:

- Obtención e análise de datos representativos relativos á xeración e xestión de residuos industriais en Galicia.
- Priorización dos fluxos de residuos industriais de Galicia en canto ao seu volume e perigosidade.
- Proposta de medidas sectoriais e por tipo de residuo destinadas a reducir a xeración e/ou a perigosidade dos fluxos de residuos prioritarios e establecemento de obxectivos cuantitativos de redución.
- Establecemento de medidas transversais e obxectivos cualitativos para o resto de sectores e residuos industriais.
- Establecemento da sistemática para o seu seguimento e revisión, incluída a definición de indicadores.
- Desenvolvemento de mecanismos para a sensibilización e concienciación acerca do programa.

Para acadar os ditos retos, prevese un programa de actuación estratéxico, tres programas sectoriais (residuos prioritarios, sectores prioritarios e sectores secundarios) e un programa de boas prácticas ambientais.


Diagnóstico previo

O departamento que dirixe Agustín Hernández realizou un diagnóstico da situación actual para configurar o contido do Programa de Prevención de Residuos Industriais de Galicia 2013-2016.


A liña principal que fixa a Xunta é a redución da produción de residuos xa que, ademais dos beneficios ambientais que reporta, esta diminución tamén implica acadar importantes aforros para o sector industrial, xa que cantos menos residuos se produzan o custo do seu tratamento será menor para as empresas.

As análises realizadas pola Secretaría Xeral proporcionan información sobre a xeración deste material por provincias, sectores, tipoloxía ou xestión final.

Evolución xeración de residuos industriais non perigosos (RNP)(t)



Evolución xeración de residuos industriais perigosos (RP)(t)




Residuos perigosos



Así, en función da súa tipoloxía (código LER) os residuos perigosos de maior xeración en Galicia, son os aceites usados, que representan un 32% respecto do total de residuos perigosos. Estes, xunto coas baterías, son residuos cuxa produción é moi atomizada, con custos de xestión de transporte elevados, pero que no seu conxunto supoñen un volume moi importante.


En canto aos non perigosos, destacan os residuos procedentes de mestura da construción e da demolición, seguidos dos residuos de corte e da serradura de pedra e das limaduras e labras de metais férricos.

Residuos non perigosos




Por sectores, destaca o da construción e demolición, con case o 30% sobre o total xerado seguido das cinzas e escouras xeradas na industria da enerxía eléctrica. Séguenlle en importancia os residuos do moldeado e tratamento de superficies metálicas (industria do automóbil e naval) e os procedentes da transformación da pedra que, sumados aos da industria agroalimentaria, supoñen un 76% dos residuos xerados. Na gráfica, indícanse que as toneladas xeradas en 2011 por sectores de actividade e as súas porcentaxes.

Xeración de residuos por sectores industriais 2011




Xeración de residuos por sectores industriais 2011



En relación cos datos por provincias, no que se refire a residuos perigosos destaca A Coruña con case a metade da produción (refino do petróleo e fabricación de aluminio), e en Lugo aumenta significativamente a taxa en relación cos RNP, debido á importancia do sector da produción de aluminio na provincia.


A maior xeración de residuos non perigosos corresponde a Pontevedra (industria do automóbil, do papel, da extracción do granito e da madeira), seguida de Coruña (sector da produción de enerxía eléctrica e do refino de petróleo).




Xestión final do residuo

Outras das variables que se tiveron en conta á hora de deseñar o Programa de residuos industriais foi o seu tratamento final en función da perigosidade. En relación cos residuos perigosos, destaca a eliminación a través do seu depósito en vertedoiro controlado; mentres que no caso dos non perigosos se valorizan ou reciclan maioritariamente, alcanzando cifras próximas ao 75%. Galicia conta con 340 localizacións para a xestión de residuos industriais cunha capacidade de tratamento que supera os 5 millóns de t/ano.

Tratamento final do residuo non perigoso (%)



Tratamento final do residuo perigoso (%)



Programa de prevención

Este diagnóstico ofrece un punto de partida e unha certa radiografía do sector, ao tempo que se actualiza a revisión feita no ano 1999 do Plan galego de xestión de residuos industriais e solos contaminados, redactado en 1995.

A partir desta análise, a Xunta ten capacidade para definir liñas prioritarias de actuación que incidirán naqueles sectores que producen máis residuos, sen deixar de lado sectores secundarios en termos de xeración pero cun importante peso económico en Galicia, como o agroalimentario ou o de transformación da madeira.

Transversalmente, abórdanse aqueles fluxos de residuos de orixe heteroxénea que presentan maiores dificultades de xestión pola dispersión que presentan na súa xeración, o que supoñen maiores custos económicos e ambientais na súa xestión.

O programa incorpora unha sistemática para o seguimento e revisión do seu desenvolvemento, incluíndo a definición de indicadores que permitirán monitorizar o grao de avance nos obxectivos propostos. Os mecanismos de sensibilización e concienciación destinados a fomentar a imprescindible participación dos axentes implicados será outra liña de traballo complementaria que axudará a acadar os obxectivos marcados.

A XUNTA MOBILIZA 8 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DAS CAPACIDADES INVESTIGADORA, INNOVADORA E TECNOLÓXICA DAS EMPRESAS GALEGAS

- *O Programa de investimentos innovadores da Consellería de Economía e Industria impulsará a posta en marcha de máis de 30 proxectos de innovación para poñer no mercado novos ou mellorados produtos e servizos*
- *O obxectivo é incrementar a competitividade das empresas e contribuír á creación de emprego e á xeración de riqueza*
- *As axudas cobren ata o 50% do custo do proxecto e benefician especialmente pequenas e medianas empresas*
- *A través do programa lévanse apoiado 108 proxectos nos últimos catro anos*
- *A liña da Axencia Galega de Innovación complementa as axudas convocadas polo Igape para proxectos de equipamentos tecnolóxicos e xuntas mobilizarán 18 millóns de euros*

A Xunta de Galicia segue a traballar a prol da modernización do tecido empresarial galego co obxectivo de incrementar a súa competitividade. Neste sentido, o Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova edición do Programa de investimentos innovadores para o crecemento empresarial que, promovido pola Axencia Galega de Innovación, suma 2 millóns de euros para a mobilización de 8 millóns en proxectos centrados na mellora das capacidades investigadoras, innovadoras e tecnolóxicas das empresas galegas.

En total, realizaranse máis de 30 proxectos para facilitar o desenvolvemento empresarial de Galicia, contribuíndo á creación de emprego e á xeración de riqueza. Deste xeito, promóvese o financiamento de recursos materiais específicos por parte das empresas, especialmente pequenas e medianas, para executar proxectos de innovación destinados a poñer no mercado novos ou mellorados produtos e servizos.

As pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 50% e as medianas de ata o 40%, mentres que no caso das grandes a porcentaxe se sitúa nun máximo do 30% sobre o total do custo xustificado.

Así mesmo, establécense anticipos por valor do 25% do total da contía da axuda concedida co obxecto de optimizar a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I, permitíndolles aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas nun prazo moi breve de tempo desde a resolución, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.

O programa, a través do cal se apoiaron 108 proxectos nos últimos catro anos, cobre tres campos de actuación concretos. En primeiro lugar, as empresas galegas poderán solicitar axudas para proxectos de entre 50.000 e 300.000 euros destinados a adquirir equipamentos innovadores para novos centros produtivos ou a mellora dun xa existente, sempre que teña a finalidade de desenvolver produtos e procesos novos. Tamén figuran neste tramo as iniciativas para a diversificación da produción de cara a

atender mercados de produtos novos ou para unha transformación fundamental de carácter innovador no proceso global de produción. A subvención máxima para calquera destes conceptos será de 150.000 euros por proxecto.

Por outra parte, prevese tamén a dotación de departamentos de I+D+I nas empresas para ampliar a súa capacidade tecnolóxica e innovadora, sempre que o proxecto teña un custo subvencionable superior aos 30.000 euros. A contía máxima destas axudas, que permitirá, por exemplo, a adquisición de equipos de laboratorio, será de 100.000 euros por proxecto.

Finalmente, subvencionarase con ata 20.000 euros por solicitude a adquisición de dereitos de explotación relativos a innovacións técnicas para facilitar a transferencia de tecnoloxía. Isto permitirá a adquisición de dereitos de patentes, licenzas, know-how ou coñecementos técnicos non patentados.

A través deste programa a Consellería de Economía e Industria complementa a liña xa activada polo Igape para a reorientación e competitividade das pemes galegas, que cobre tamén proxectos de equipamentos tecnolóxicos para innovación que se sitúan nun tramo de investimento subvencionable de entre 300.000 e 500.000 euros. En total, os dous programas mobilizarán 18 millóns para a realización de proxectos destinados á renovación de equipamentos e maquinaria nas pemes galegas.

SANIDADE DESTINARÁ 21 MILLÓNS DE EUROS NO PERÍODO 2013-2017 PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON TRASTORNO MENTAL GRAVE E PERSISTENTE NAS UNIDADES DE APOIO COMUNITARIO

O Consello de Xunta reunido no día de hoxe aprobou un acordo polo que se autoriza a contratación, por parte do Servizo Galego de Saúde, da reserva e ocupación de prazas nas unidades de apoio comunitario para persoas con trastorno mental grave e persistente, polo procedemento aberto e trámite urgente, por un importe de 21.019.008 euros, para o período 2013-2017.

A reorganización da asistencia sanitaria ao trastorno mental grave e persistente en Galicia é unha iniciativa na cal a Administración sanitaria galega leva tempo traballando e que se enmarca no proceso posto en marcha polo Servizo Galego de Saúde destinado a completar e finalizar a reforma psiquiátrica na nosa Comunidade Autónoma. Así, o departamento que dirixe Rocío Mosquera Álvarez ten previsto aumentar o número de prazas dos dispositivos de rehabilitación comunitaria para persoas con trastorno mental grave e persistente.

Na actualidade os recursos concertados comprenden 904 prazas de Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral, 42 pisos de apoio con 192 prazas e 87 prazas en unidade residencial. Para este ano, o Servizo Galego de Saúde ten previsto incrementar 10 prazas de Unidade Residencial na Mariña lucense. Cómpre resaltar que coa apertura de prazas na Mariña garántese a existencia de todo tipo de recursos (centros de rehabilitación psicosocial e laboral, pisos e prazas residenciais) nas catro provincias galegas.

Esta iniciativa supón unha clara aposta da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde pola atención a estes pacientes. Así, a pesar da crise económica, o incremento de prazas totais no período 2009-2013 é notable grazas ao esforzo orzamentario da Administración sanitaria galega. O dito incremento sitúase no 12,87%. Incremento prazas período 2009-2013

Prazas	2009	2013	Incremento
CRPL	819	904	10,38%
Piso	173	192	10,98%
U. Residencial	80	114	42,50%
Prazas totais	1.072	1.210	12,87%

CRPL: Centro de Rehabilitación Psicosocial e Laboral

A XUNTA CUMPRE MÁIS DO 90% DAS MEDIDAS PROPOSTAS PARA O ESTADO NA REFORMA DA ADMINISTRACIÓN

- *O Goberno galego tamén ten en marcha oito de cada dez das recomendacións que se fan ás comunidades autónomas*
- *Conta cun plan de racionalización da Administración paralela, un plan de modernización e impulsa a Lei do emprendemento e a Lei de racionalización do sector público, entre outras*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Vicepresidencia ao respecto da proposta presentada polo Goberno central de reforma das administracións públicas, no que destaca que Galicia cumpre ou pode cumprir oito de cada dez das recomendacións dirixidas ás Comunidades Autónomas e xa ten en marcha ou efectivizadas no seu ámbito o 90 por cento das propostas dirixidas á administración xeral do Estado.

O Executivo galego valora a proposta de reforma presentada polo Goberno central, por ser necesaria e longamente postergada, e analizará polo miúdo cada unha das medidas e recomendacións desde dúas premisas: a lealdade e cooperación institucional, por unha banda, e a defensa e o respecto ás competencias propias da Comunidade.

O informe presentado hoxe a Consello leva a cabo unha primeira análise das propostas do Goberno de Mariano Rajoy, destacando que a Xunta xa ten postas en marcha ou efectivizadas boa parte delas, tanto as dirixidas á propia Administración do Estado como ás comunidades autónomas.

De feito, Galicia foi pioneira en levar a cabo unha profunda reforma da Administración que redundou nunha redución do seu gasto e da súa estrutura, nunha maior eficacia e eficiencia, na eliminación de duplicidades e na procura dun mellor servizo aos cidadáns.

Administración xeral

Así, entre as iniciativas que o Goberno central propón para a mellora do funcionamento e a racionalización da Administración Xeral do Estado, Galicia xa ten imposto ou está a poñer en marcha no seu eido de actuación máis do 90 por cento delas.

Entre outras, aprobouse a Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (Lofaxga), na que se acadaron os obxectivos buscados agora polo Goberno: a clasificación e regulación dos distintos tipos de entes (desde organismos públicos a entes públicos empresariais, consorcios ou fundacións do sector público), o establecemento de controis económico-financieiros e a necesidade de homologar o sistema de creación dos novos organismos, sometidos sempre a un informe valorativo previo.

Así mesmo, a Xunta impulsa unha Lei do emprendemento que aposta pola simplificación e redución de cargas en procedementos ambientais, a substitución de autorizacións previas por comunicacións responsables e a simplificación de trámites administrativos para a apertura dunha empresa.

Tamén se está a tramitar a Lei de racionalización do sector público autonómico, que avoga por identificar as funcións que, estando externalizadas, se podese facer internamente con medios propios e que defende a simplificación administrativa na contratación pública e un novo modelo de organización centralizada da contratación.

No eido da administración electrónica, o Goberno de España opta pola creación dunha axencia que centralice os servizos TIC de todos os organismos da Administración xeral do Estado, unha solución similar á establecida en Galicia coa creación en 2011 da Axencia para a Modernización Tecnolóxica, como un paso máis no Plan de modernización aprobado en 2010 que avanzou tamén varias das medidas agora adoptadas polo Estado como a substitución de notificacións postais por electrónicas, a creación dun taboleiro edictal único, a regulación da factura electrónica, a consolidación de infraestruturas comúns no Centro de Proceso de Datos Integral de Galicia ou a substitución de trámites convencionais por electrónicos a través da sede electrónica.

A maiores, aprobouse un plan de simplificación lexislativa; centralizouse a xestión do parque móbil, centralizáronse os números de atención telefónica ao cidadán, aplicouse un Plan de racionalización do gasto en alugamentos, apostouse pola formación transversal e pola teleformación na Escola Galega de Administración Pública, e púxose en marcha un ambicioso e pioneiro Plan de racionalización da Administración paralela, que xa vai comezar a súa terceira fase, e que auditou a totalidade do inventario galego de entes.

Propostas ás CCAA

En canto ás recomendacións para evitar duplicidades coas comunidades autónomas, a Xunta ten resoltas case o 80 por cento, entre as que se inclúen a xeración de sinerxías entre as súas oficinas no exterior e as embaixadas; a planificación conxunta en tecnoloxías da Xustiza, ou a creación dunha xanela de información única para obter datos de axudas e subvencións a pemes.

Galicia tamén avanzou na xeneralización do uso de bases de datos integradas e interconectadas entre administracións; no control da débeda cos provedores, no recoñecemento mutuo de licencias entre CCAA, na coordinación do ICEX cos entes de promoción exterior das comunidades autónomas, ou na planificación conxunta no eido da protección civil.

Finalmente, respecto á eliminación de entes que se propón, hai algúns cos que non conta a Comunidade, como a Axencia de Protección de Datos, a autoridade de

certificación electrónica ou os servizos demoscópicos autonómicos, mentres que outros son órganos recollidos no Estatuto e sobre os que se deberá pronunciar o Parlamento galego, coma o Consello de Contas ou o Valedor do Pobo, nos que nos últimos anos se teñen producido importantes axustes e reducións de gasto.

A XUNTA REBAIXA NUN ANO PRETO DUN 20% O VALOR DE MERCADO DOS INMOBLES PARA ADAPTALOS Á EVOLUCIÓN DOS PREZOS

- *A Administración galega aplicará no segundo semestre unha diminución de entre un 8% e un 12% nos concellos máis dinámicos na evolución do mercado, que concentran o 83% da poboación*
- *Esta rebaixa súmase á do 7% aprobada hai un ano e será maior para as vivendas usadas*
- *Este sistema é voluntario e achega información obxectiva e seguridade xurídica a todos os cidadáns*
- *Os valores fíxanse de forma transparente a partir de estudos de mercado*

A Xunta de Galicia decidiu revisar á baixa para o segundo semestre a súa orde anual que regula o sistema de prezos medios de mercado, de xeito que no último ano rebaixou ata preto dun 20% estes valores co fin de adaptalos á evolución dos prezos no sector inmobiliario e á previsión durante a segunda parte do exercicio.

No segundo semestre de 2013, a Administración galega vai aplicar nos concellos máis dinámicos na evolución de prezos -que representan o 83% da poboación galega- unha diminución dun 8% nas vivendas novas e dun 12% nas vivendas usadas. Esta rebaixa súmase á redución do 7% aplicada hai un ano.

Nos concellos con menor dinamismo de prezos –que representan o 17% da poboación– a rebaixa dos valores será dun 4% nas vivendas usadas, xa que en todos os casos o valor é inferior ao dos concellos revisados.

Desde a implantación deste sistema en 2011, a Consellería de Facenda vén actualizando cada ano os valores medios conforme á evolución do mercado inmobiliario. Deste xeito, a Administración autonómica achega información obxectiva e proporciona seguridade xurídica ao cidadán, ao mesmo tempo que evita a fraude fiscal e mellora a xestión tributaria a través dun modelo que é voluntario.

En todo caso, a Xunta de Galicia continuará realizando os estudos de mercado pertinentes para adaptar os prezos medios ás variacións do mercado, de maneira que se axusten o máis precisamente posible á realidade de cada momento.

Máis transparencia

A Administración galega decidiu empregar o sistema de prezos medios de mercado, despois de analizar determinados estudos técnicos, desbotando o sistema que utiliza a estimación de prezos por referencia aos valores que figuren nos rexistros oficiais de carácter fiscal, concretamente mediante a aplicación de coeficientes multiplicadores sobre o valor catastral, debido á súa excesiva xeneralidade e á súa dificultade para recoller as posibles singularidades dos diferentes inmobles.

Este sistema permite ao cidadán coñecer con detalle os criterios empregados para calcular o valor dos inmobles, así como os distintos valores en todas as zonas do territorio galego. Polo tanto, lógrase unha maior transparencia e obxectividade nos criterios empregados na valoracións dos bens, e garante un tratamento administrativo homoxéneo en todo o territorio, asegurando a equidade. O modelo achega igualmente seguridade xurídica ao cidadán, xa que a Administración se vincula cos valores publicados.

MÁIS DE 2.200 ASPIRANTES INSCRIBÍRONSE NO CONCURSO-OPOSICIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA O ACCESO A PRAZAS DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA E MÉDICO DE URXENCIAS

- ***No mes de setembro publicarase a lista de admitidos, ben que os aspirantes poderán ir consultando durante o mes de xullo o estado da súa inscrición a través do expedient-e***

O Consello da Xunta de Galicia, reunido no día de hoxe, abordou un informe da Consellería de Sanidade sobre a inscrición no concurso-oposición do Servizo Galego de Saúde de 176 prazas de facultativos, das que 164 son de facultativo especialista de área e 12 de médico de urxencias.

Neste concurso oposición inscribíronse 2.223 aspirantes, dos que 2.154 o fixeron pola quenda libre, 60 por promoción interna e 9 pola quenda de persoas con discapacidade. Hai que sinalar, así mesmo, que o 56% dos aspirantes inscritos teñen un vínculo previo co Servizo Galego de Saúde, e o 79% teñen residencia na nosa Comunidade Autónoma. No mes de setembro publicarase a lista de admitidos, ben que os aspirantes poderán ir consultado durante o mes de xullo o estado da súa inscrición a través do expedient-e.

Outras significacións recollidas no informe deste concurso-oposición, son que o 9% dos aspirantes remataron este ano a especialidade vía MIR; que o 75% dos aspirantes teñen entre 30 e 40 anos e, ademais, que o 69% dos aspirantes son mulleres.

Cómpre subliñar que, desde o ano 2009, se estabilizaron máis de 4.000 postos de traballo nas institucións do Sergas, dos que 1.000 foron de persoal facultativo, 2.000 de persoal sanitario e o resto de persoal de xestión e servizos.

Ademais, a política de estabilización laboral desenvolvida nos últimos anos polo departamento que dirixe Rocío Mosquera fixo que, no período que vai de xaneiro de 2011 a xullo de 2012, o número de profesionais con praza en propiedade pasase de 20.357 a 21.372, é dicir, 1.195 propietarios máis, o que representa unha porcentaxe de máis dun 6%.

O SERGAS SITÚA COMO OBXECTIVO PRIORITARIO A IMPLANTACIÓN DA NORMA UNE 179003 DE XESTIÓN DE RISCOS PARA A SEGURIDADE DOS PACIENTES

- *A certificación foi xa concedida a distintas unidades das xerencias integradas de Santiago, Coruña, Lugo e Povisa*

O obxectivo da implantación desta nova Norma UNE 179.003 é establecer un sistema de xestión de riscos, derivados da prestación dos servizos sanitarios, co fin de acadar unha asistencia máis segura para o paciente, identificando os riscos potenciais e reais asociados á atención sanitaria e implantando accións para a súa prevención. A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, explicou no Consello da Xunta que incorporar a xestión de riscos para a mellora da seguridade dos pacientes como unha estratexia transversal a todos os procesos asistenciais no Sergas é un dos obxectivos do seu departamento.

Este proxecto está incluído na Estratexia SERGAS 2014 no seu obxectivo nº 2: "Garantir a prestación dos servizos en lugar e tempo adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos". Na Estratexia SERGAS 2014 incluíu nos seus obxectivos de calidade e seguridade dos pacientes a implantación da norma nos centros / servizos asistenciais. Esta actuación está en liña coas actuacións promovidas por outros organismos internacionais como a OMS, a Joint Commission, IHI, AHRQ, CDC, que recomendan unha abordaxe proactiva na xestión de riscos para a mellora da seguridade dos pacientes.

A Estratexia SERGAS 2014 inclúe outras liñas de actuación para a mellora da seguridade dos pacientes como a implantación e desenvolvemento do SiNASP, e a creación dos núcleos de seguridade nas xerencias de xestión integrada das áreas, que son determinantes para alcanzar os obxectivos deste programa.

Desenvolvemento actual en Galicia

A conselleira de Sanidade presentou un informe ao Consello da Xunta no que especifica que desde o 2011 o Sistema de Xestión de Riscos para a mellora da seguridade do paciente segundo a Norma UNE 179003 está implantado nos seguintes servizos: Unidade de Diálise e Laboratorio do Hospital da Barbanza; no Hospital de Día de Oncohematoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, e na área de Críticos e Banco de Sangue do Hospital Povisa. Ademais, está realizada auditoría externa de fase 1 para a certificación no Hospital Universitario Lucus Augusti, e realizada auditoría interna previa á certificación no bloque de Radiodiagnóstico do Hospital Abente y Lago na xerencia da Coruña.

Durante este 2013, as liñas de actuación son a formación de profesionais para a implantación da norma, a formación de auditores internos de sistemas de xestión de

riscos segundo a devandita norma, e continuar coa implantación de sistemas de xestión de riscos segundo a Norma UNE 179003 nos servizos asistenciais do SERGAS noutras dúas unidades.

Redución e prevención do risco

A xestión dos riscos clínicos ten o obxectivo de identificar as situacións de risco e implantar accións para a súa redución e prevención, tendo presente a imposibilidade de conseguir alcanzar o risco cero.

O obxectivo desta norma é servir de guía ás organizacións sanitarias que desexan implantar un sistema para a xestión de riscos que lles permita conseguir beneficios como identificar e valorar os riscos a que está sometido o paciente, reducir ou eliminar os perigos a que poida estar sometido o paciente no seu tránsito polo sistema sanitario, e reducir os incidentes e eventos adversos debidos á atención sanitaria.

Outros obxectivos da norma son xestionar os riscos de forma proactiva; xerar unha maior confianza no sistema sanitario por parte de pacientes, sociedade e profesionais sanitarios; obter mellores resultados clínicos e económicos; así como unha redución de danos e mellor utilización de recursos.

No sector sanitario, o risco é algo inherente á maioría das actividades clínicas. Os datos proporcionados pola literatura científica consideran relevante a frecuencia con que se producen eventos adversos nun hospital, sendo estes en moitos casos evitables. En España, segundo o Estudo Nacional de Eventos Adversos (ENEAS), a incidencia de pacientes con eventos adversos relacionados coa asistencia hospitalaria, incluíndo a prehospitalización, é de 9,3 % e segundo o Estudo de Seguridade dos Pacientes en Atención Primaria de Saúde (APEAS), a prevalencia de pacientes con algún evento adverso na atención primaria é de 10,11%.